



**CONVENIO N° 2683/11 DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DE VIGO E O A ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA (ALBORADA) POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DA PISCINA E O XIMNASIO DE TEIS PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE A.F. VINCULADO ÁS NECESIDADES ESPECIAIS DO COLECTIVO.**

Dunha parte D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde do Concello de Vigo.

Doutra parte D. Jesús Cancelo Martínez, como representante legal da Asociación ciudadana de lucha contra la droga (en adiante Alborada).

**MANIFESTAN QUE**

O Concello de Vigo, a través da súa Concellería de deportes e do Instituto Municipal dos Deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre as que se atopan as do ámbito educativo e formativo, e o desenvolvemento de programas vinculados a colectivos cunhas necesidades especiais.

A Asociación Alborada Vigo é unha entidade declarada con capacidá jurídica e plena capacidade de obrar según os estatutos presentados pola entidade.

A Asociación Alborada ten entre os seus fins, a defensa dos individuose da colectividade contra a utilización ilícita de todo tipo de drogas, a toma de conciencia colectiva sobre os danos producidos pola utilización das drogas, singularmente na poboación xuvenil, a creación de módulos de defensa social contra a droga, a colaboración con cants organismos e entidades, públicas ou privadas, teñan relación coa problemática da droga...

A Asociación Alborada, desenvolve a súa labor educativo-formativa nas súas instalacións, ubicadas na rúa Isaac Peral, Nº 6. Este centro non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento dos programas vinculados á Actividade Física necesaria para o colectivo.

Po outra banda, a Ordenanza N° 52, Reguladora de prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes ó IMD, no seu artigo 6, apartado c), establece que "as actividades deportivas organizadas polo propio IMD e polo Concellería de Deportes, ben directamente ou a través de convenios de colaboración con outras institucións ou entidades (Persoas físicas ou xurídicas) coa autorización expresa do Presidente do Consello de Administración do IMD condicionada á ratificación definitiva polo devandito Consello de Administración"

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A.F vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar a condición física destes colectivos da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.



Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexiráse polas seguintes claúsulas,

### **CLAÚSULAS**

1. Este convenio establecese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver o programa de Actividade física da Asociación Alborada nas instalacións Municipais da Piscina e ximnasio de Teis.
2. A Asociación Alborada, en base ó artigo 6, letra c), da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes ó IMD, estará exento de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, e que ascende ó importe de 1.174,55 €.
3. A Asociación Alborada, comprométese a desenvolver o programa de A.F. nas condicións establecidas no presente convenio, na instalación deportiva municipal da Piscina e ximnasio de Teis, nos horarios e datas establecidos no texto do convenio.
4. A Asociación Alborada presentará, á sinatura do convenio o programa a desenvolver en cada franxa horaria.
5. A Asociación Alborada é o responsable do desenvolvemento das actividades na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable das mesmas.
6. A Asociación Alborada comunicará ó IMD con antelación suficiente calquera cancelación ou alteración nos horarios das actividades.
7. O IMD non terá ningunha responsabilidade co calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento do programa de actividade.
8. A Asociación Alborada presentará, previa á sinatura do convenio, unha póliza de responsabilidade que garantece as coberturas suficientes ós participantes na actividade, e ós posibles danos que a actividade poidera causar no patrimonio Municipal.
9. As persoas que participen na actividade na instalación, será exclusivamente os vinculados ó programa de A.F. do centro, non estando permitido ningún outro uso que non sexa o desenvolvemento do programa de A.F. obxecto do presente convenio.
10. Os e as participantes no programa accederán á instalación precedidos polo responsable do mesmo, non estando permitido o acceso dos participantes en caso contrario. Da mesma forma, o responsable será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún participante do programa queda na instalación.



11. O Instituto Municipal Dos Deportes de Vigo, aportará o espazo para o desenvolvemento das clases, non estando autorizada a utilización das duchas.
12. O IMD resérvese a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestiós de programación. Neste caso se avisará por escrito á entidade, debendo ésta cancelar a actividade na instalación Municipal.
13. A vixencia deste convenio é para as citadas actividades nos seguintes horarios para o período 2014-2015 (Do 01/09/2014 ata 31/07/2015):

Horario: 12:30 a 14:00	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
	Piscina	Ximnasio	Piscina	Ximnasio	Piscina

14. O Convenio deberá renovarse curso a curso, previa solicitude da Asociación Alborada, nas datas establecidas na normativa do IMD.
15. O Presidente do IMD queda facultado para resolver calquera dúbida ou litixio que puidera derivarse do desenvolvemento deste convenio.

Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por triplicado, o día 14 de outubro de 2014.

O Alcalde de Vigo

Asdo. Abel Caballero Álvarez

O Director da Asociación Alborada

Asdo. Jesús Cancelo Martínez

A Secretaria da Xunta Rectora do IMD

Asdo. Concepción Campos Acuña

